

RECUPERAR E AVANZAR EN DEREITOS

Manifesto por un Ensino Público Galego con Futuro

Comezamos este curso peor ca nunca. Á suma dos recortes nos últimos anos, e xa van 15, engádesenlle os últimos perpetrados este mesmo verán, a non convocatoria das prazas de atención preferente nin das asesorías técnicas da Consellaría, a supresión de RAOGAL e a eliminación das licenzas por formación retribuídas. Até o último momento padecemos a política insaciábel da Consellaría de quitarnos dereitos á vez que incrementa de forma obscena a propaganda e a publicidade.

Nestes primeiros días de setembro vimos como nin os fondos europeos cos que se financia o Plan Mega -e dos que a Xunta se apropiou para si- eran capaces de parchear as múltiples demandas de profesorado ou de persoal coidador para atender ao alumnado con necesidades que hai nos centros. Foron centos de centros, e cada día son máis, os que seguen petando na porta das inspeccións para que atendan as súas demandas. A isto, a mendigar polo que nos pertence, tamén nos quixeron acostumar nos últimos anos.

Pero a paciencia do profesorado chegou ao límite. Estanse esmagando os nosos dereitos pero tamén a nosa dignidade e por iso tamén estamos hoxe aquí.

O abandono do alumnado máis vulnerábel é algo transversal a todas as etapas educativas. En infantil, primaria e educación especial maniféstase en non dotar os centros con persoal de orientación, PT e AL suficiente. En Secundaria e Bacharaleto en non autorizar desdobres, PDCs, en reducir os cupos a base de amortizar xubilacións e ter institutos masificados cunha soa persoa orientadora á fronte. Na FP e nas ensinanzas de réxime especial en tratalas como se o problema non existira, con ratios inasumíbeis na FP a distancia, na básica e nos ciclos medios e ningunha medida pensada para atender a diversidade máis que “que nos apañemos”.

Hai polo tanto moitos problemas comúns que nos afectan en todas as ensinanzas (o das ratios e o da atención á diversidade) pero tamén o exceso de burocracia inútil disfrazada de sistema de calidade e que só serve para lavarlle a cara á administración diante de posíbeis reclamacións ou para ternos afogados en trámites mentres desatendemos o importante, que é dar clase.

E hai tamén unha cuestión de dereitos laborais que nos afecta a todos e todas os que hoxe estamos aquí. O horario lectivo. É hora de recuperar as 21 horas en primaria e infantil e as 18 no resto de etapas. Levamos agardando máis de unha década e somos os únicos do Estado que mantemos o horario dos recortes, aquí dobremente perpetrados por Feijóo na Xunta e Rajoy en Madrid. Porque moito se lle enche a boca ao conselleiro gabando o persoal docente pero o verdadeiro recoñecemento é este. Estamos falando de recuperar o que é noso, un horario lectivo que sobre todo servirá para mellorar a calidade da atención educativa e para contar con máis profesorado nos centros. Temos que repetilo até a saciedade, non se trata de traballar menos, seguiremos tendo as 37 horas e media semanais, trátase de traballar mellor.

O recente anuncio do goberno central de momento queda en boas intencións pero tal e como está redactado o anteproxecto de lei permítese a excepcionalidade de chegar até as 21 horas, así que xa sabemos ao que se vai agarrar a Xunta para non devolvernos o que é noso.

A privatización da educación é outro dos males que tamén vemos que se incrementa de forma acelerada ano tras ano. Edixgal, Polos Creativos, Educabilidade, FP dual... Canto hai de proxectos eminentemente educativos e canto de negocio detrás destas medidas? Os orzamentos da Consellaría falan claro. Neste 2025 están por baixo do que se gastaba en 2009 cando o PP recuperou a Xunta, manteñen a cifra conxelada do total de número de docentes en 30.424 e non recuperan o pagamento do verán para o persoal substituto, cada vez máis precarizado. Pola contra, sobe un 60% o gasto en propaganda. O conselleiro non para de repetir que hai máis docentes ca

nunca? Onde están? Porque non se ven. Máis ben bótanse en falta. O que hai é cada vez máis medias xornadas, máis itinerancias e máis afíns.

Tampouco se ven as melloras asinadas hai agora dous anos polo daquela candidato Rueda e os sindicatos que lle deron as costas ao profesorado e en lugar de estar hoxe aquí preferiron asinar un folio en branco. Onde está o cómputo como dobre ou triplo do alumnado con diversidade que figura nese acordo? Onde están as ratios máximas nas aulas mixtas? Onde está a autorización de desdobres sempre que se supere a matrícula preexistente? Que melloras viu o profesorado de Secundaria, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial despois deste acordo? Nada, ningunha. Nestes dous anos o único que quedou claro é o desprezo do goberno do PP polo seu profesorado. De aí que a resposta ten que ser igual de contundente que o dano que nos levan facendo todo este tempo.

Esta folga é xusta e é necesaria. É a nosa principal ferramenta como traballadores e traballadoras para amosar o noso malestar, a nosa fatura. Ademais do empeoramento das condicións laborais e da perda galopante de poder adquisitivo engádese o intento de control e censura a través da suposta neutralidade ideolóxica que os cargos da Consellaría son os primeiros en non respectar mantendo á fronte da inspección a unha persoa reaccionaria e de ideoloxía ultra. O profesorado non vai quedar calado ante os recortes pero tampouco vai permitir que ninguén nos diga como facer o noso traballo nin que educación en valores temos que transmitir. Seguiremos denunciando, tamén nas aulas porque é a nosa responsabilidade, o plan de exterminio do galego, o xenocidio en Palestina e a depredación medioambiental que algunhas empresas queren facer do noso territorio.

Compañeiros e compañeiras, a estratexia da Consellaría é clara, dividiarnos, estratificarnos, burocratizarnos e calarnos. Mais se hai un colectivo que sempre demostrou estar á vangarda das transformacións sociais ese é o noso. Sopran ventos desfavorábeis, sabémolo e padecémolo, pero agora máis ca nunca temos que reaccionar, dicir abonda xa, porque o noso

obxectivo común é a mellora do ensino público galego, e que se nos respecte e se nos trate dignamente, tanto a nivel profesional coma salarial.

Temos que estar dispostos e dispostas a dar as batallas que fagan falta para recuperar dereitos e avanzar noutros. Porque dicímolo ben alto e claro, queremos un ensino sen recortes e sen propaganda. Un ensino con máis persoal, máis medios para atender a diversidade, menos ratios e menos burocracia. Queremos e loitamos polo recoñecemento que merecemos como profesorado e que se nos teña en conta á hora de tomar decisións académicas e educativas.

Porque as loitas sempre merecen a pena, todas as loitas, e hoxe aquí hai moitas, xunguidas e compartidas. Con esta folga e esta manifestación demos un paso adiante e lanzamos unha mensaxe contundente e de forza á Consellaría. Sabemos a quen temos diante, quen se nega a negociar amparándose na maioría absoluta. Pero nós tamén somos maioría e aí radica a nosa forza. Compañeiros e compañeiras temos que manter a tensión e sumar desde mañá máis vontades nos centros, por parte de toda a comunidade educativa. Non podemos parar até conseguir recuperar o que é noso e avanzar en dereitos. Hoxe demostramos que xuntas somos máis fortes.

Viva o ensino público galego e viva o profesorado galego!

